

Mancomunidade de Montes do Val Miñor: formación e reivindicación

A Toupeira *Xosé Alfredo Pereira Martínez* • **Entrevista a Edelmiro Rodríguez Táboas** • **Breve cronoloxía histórica da Mancomunidade de Montes Veciñais do Val Miñor**



MANCOMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS VAL MIÑOR
San Martiño, 21 - Borreiros - 36380 Gondomar

© Xosé Alfredo Pereira Martínez, do texto A Toupeira
© Tokio, das ilustracións do texto A Toupeira

© IEM (Instituto de Estudos Miñoranos)
Tel: 986 360 825/629 883 747
e-mail: direccion@minhor.org
Apartado 30 - 36390 Gondomar.

Director: Carlos Méixome Quinteiro.

Consello de Redacción: Concha Costas, Bieito Legaspi, Xosé Lois Vilar,
Álvaro Reinaldo, Antón Mascato e Carlos Méixome.

Director do Servizo de Publicacións: Xosé Bieito Legaspi Villamarín.

Coordinador da edición: Antón Mascato.

Asesoramento lingüístico: Xosé Bieito Legaspi Villamarín e Marta
Dacosta.

Deseño: Obradoiro Gráfico de Edicións do Cumio.

Maquetación: Lucía Rivera Allegue e Rocío Rivera Sanmartín

© Edicións do Cumio
cumio@cumio.com · www.cumio.com
Depósito Legal: VG-458/2006
I.S.B.N. 84-8289-362-9

Presentación

Corrían os anos finais da década dos oitenta e os primeiros noventa do pasado século, cando, despois da experiencia acumulada tras a participación na loita pola mellora da lei de montes veciñais en man común, actualmente en vigor, un grupo de comunidades de montes do Val Miñor decatámonos da necesidade de agrupármonos, de traballar en común, pois a existencia das comunidades de montes e do propio monte veciñal en man común estaba en perigo. Decatámonos de que as comunidades de montes veciñais por si soas non tiñan futuro, que era urxente xuntármonos por comarcas.

Decatámonos de que cumpría dar un paso adiante e ese era a constitución de mancomunidades de comunidades de montes tal e como reivindicaban as comunidades de montes en man común que formaban parte da Coordinadora de Montes de Galicia. Estas son as raíces da árbore que deu froito, a finais de 1990, na Mancomunidade de montes do Val Miñor. A primeira constituída en Galicia. E que á súa vez, foi o xermolo, a semente, que anos máis tarde, en 1999, floreceu na Organización Galega de Comunidades de Montes Veciñais en Man Común. Organización da que as comunidades de montes do Val Miñor sentímonos satisfeitos, xa que é a única institución que defende os intereses do monte veciñal e das comunidades de montes. É a Organización Galega a responsable de que, a pesar dos moitos intereses económicos, especulativos

e mesmo políticos, as portas da privatización dos montes veciñais en man común aínda non estean abertas.

Coa publicación deste libro Mancomunidade de montes do Val Miñor: formación e reivindicación, a Mancomunidade quere achegar o seu gran de area á historia. A esa historia que nós consideramos real. Non a das grandes fazañas senón á historia das persoas. E querémolo facer para que non se perda co paso do tempo, para que perdure na memoria.

O finado e sentido Nano Cambeiro dicía que as comunidades de montes do Val Miñor eran as pioneiras na defensa do monte veciñal. Por iso e con motivo das VII Xornadas de Montes e Medioambiente do Val Miñor queremos renderlle unha homenaxe ao veciño-comuneiro Delmiro Rodríguez Táboas. Porque Delmiro foi un pioneiro na recuperación dos montes veciñais en man común, o monte da súa parroquia foi o primeiro en devolvérselle aos veciños e veciñas; foi pioneiro na constitución da Mancomunidade de montes do Val Miñor e foi pioneiro na formación da Organización Galega de comunidades de montes.

Latino Rodríguez Areal

Presidente da Mancomunidade de
comunidades de montes do Val Miñor

A Toupeira

Xosé Alfredo Pereira Martínez

Na memoria de Beiro da Carrasca e O Roxo
de Vilameán. No recoñecemento do Delmiro
de Belesar e Daniel da Tarela.

Por coñecelos como homes vellos, homes
sabios, homes anónimos. Homes
comprometidos coa vida e co País.

I

A lei do Patrimonio forestal fora de antes. Mais na parroquia de San Mecós, parroquia pertencente a Viladocastelo, a súa aplicación e as súas nefastas consecuencias foran do ano 1956. Así cando menos testemuñábo un almanaque pendurado dun cravo oxidado 20/100 na cociña da casa que fora a derradeira en ser abandonada. Un monte de achas de carballo abertas irregularmente, que estaban no ichote debaixo da pedra da lareira, amosaban o paso do tempo, o paso da vida. Se cadra, aínda se podían cheirar os arenques da última cea. Última cea sen Cristo e coas maletas preparadas.

San Mecós era unha aldea que nos seus tempos pertencera á xurisdición do concello do Mosteiro. Coa lei de concellos do réxime liberal do Reino Peninsular cambiara de xurisdición. Agora era unha aldea pertencente ao concello de Viladocastelo. Era unha aldea atravesada por un río e formada por unha ducia de casas, todas elas cortadas polo mesmo patrón. Debaixo as cortes do gando, enriba a cociña e os cuartos. O edificio que denominaba a aldea era unha pequena capela. Pequena capela que andando o tempo fora arrasada para facer unha pista forestal para sacar madeira. Si, estas barrabasadas facíanas os da "forestal".

Os veciños e veciñas de San Mecós vivían da gandería e do campo. Tiñan rabaños de ovellas, de cabras e tres ou catro vacas que pastaban libremente polos montes. Tamén cultivaban as leiras e facían o mel en colmeas de codia de sobreira. Da fraga, a única fraga que aínda hoxe existe na bisbarra do Val Miñor, aproveitaban as castañas. O monte veciñal en man

común, o baldío, como soporte da economía agraria tradicional, era un feito. Os veciños e veciñas de San Mecós tamén tiñan os seus divertimentos, as súas brincadeiras. Na súa fonte, que denominaban Santa Fonte, celebraban o San Xoán, homenaxeaban a chegada do verán e con el a chegada dos



froitos do campo. Bailes ao redor da fonte, chimpár por riba das fogueiras. Apaixonarse nos campos de millo ou nos bardeirais de palla, apalabrar casamentos e lavar a face coa auga do orballo da noite eran feitos que acontecían na noite e na madrugada do San Xoán.

Os montes que arrodeaban a aldea de San Mecós estaban sen arboredo. Agás a fraga de carballos, toxos, xestas, carqueixas e algún érbedo ou estripeiro eran a súa vexetación .

A cousa foi de súpeto. Foi coma unha explosión, coma un estralo. O acontecemento foi como unha invasión. Ninguén sabía nada. Ninguén dixera ren. Foi unha mañá. Unha mañá do

mes de febreiro cando aínda non amencera e o sol aínda non asomara a súa face polo pico do Poleiro, o monte máis alto da bisbarra do Val Miñor. Unha ringleira de homes e de mulleres, máis mulleres que homes, dirixidos por un home vestido de verde-pana, invadiron os montes. Aburacaban o monte con sacholos, colocaban unha pequena planta e tapaban o burato cos pés. Logo avanzaban todos xuntos un par de pasos e voltaban facer a mesma operación. Unha e outra vez. Unha e outra vez, até a hora do xantar. E logo volta a facer o mesmo até a hora de arrear.

Os veciños e veciñas de San Mecós non sabían o que pasaba. Non sabían que facía aquel exército que coa furia do furón e coa maña da toupeira aburacaba o seu monte. Até que un día un pastor da aldea preguntoulle a unha muller que na hora de xantar amamantaba a unha crianza e logo, durante o traballo, deixaba a crianza atada con cordel a un tronco dun toxo:

“Somos da Forestal. Andamos a plantar árbores. Unha planta que vén de fóra, de moi lonxe. De mais aló do mar”.

Aínda que asombrados, os veciños e veciñas de San Mecós non se inquietaron. O exército de homes e mulleres, máis mulleres que homes, seguían aburacando o monte. Os veciños e veciñas de San Mecós seguían levando o seu gando ao monte. As cabras e as ovellas había que atendelas. As vacas entraban soas de noite nas cortes e saían soas de mañá das cortes para o monte. Todo seguía igual. Non pasaba nada; até que pasou. Unha tarde, montado nunha Ducatti, o home que vestía de verde-pana e que mandaba a ringleira de homes e de mulleres, máis mulleres que homes, chegou á aldea e trouxo a nova. A mala nova:

“A partir de mañá non podeades levar o gando ao monte. Nin cabras, nin ovellas, nin vacas”.

Os veciños e veciñas de San Mecós protestaron. A nova, a mala nova, era coma un lóstrego. Unha mestura de temor e de ignorancia. O gando tiña que ir ao monte. Non podía morrer de fame. Se morría o gando, que ía ser deles. Ca! O que dicía o home vestido de verde-pana non podía ser verdade. O garda forestal, investido coa autoridade que lle dá a calquera mequetrefe pór un uniforme por riba do lombo, volveu insistir:

"A partir de mañá non podedes levar o gando ao monte. Nin cabras, nin ovellas, nin vacas. Os eucaliptos están a medrar".

Os veciños e veciñas de San Mecós escoitaron a mensaxe, e tamén escoitaron por primeira vez a palabra nova: "Os alcolitos están a medrar". Mais non fixeron caso. ¿Que ían facer? O gando tiña que manterse. Os veciños e veciñas escoitaron ao home vestido de verde-pana "os alcolitos están a medrar"; mais seguiron levando o gando ao monte. O monte era deles. Sempre fora deles.

Nun principio non pasara nada. O gando ía para o monte e os da forestal xotábano e ameazaban con multas. Mais logo a cousa foi a peor. Interveu a Garda Civil. Houbo moitas malleiras, bastantes detencións e algunha cadea. Ao final os veciños e veciñas de San Mecós non puideron levar o gando ao seu monte. Mataron o gando e tiveron que deixar as súas terras, as terras onde tiñan enterrado os seus. Algúns mar-



II

As Presas de Deramo era un lugar do monte veciñal en man común da parroquia de Risbasa; parroquia que distaba 19 Km da cidade que fora dos grandes Asteleiros e das Casas Armadoras. Agora esta parcela do baldío era unha peza só; mais até había pouco estaba dividida en dúas. Unha que sempre fora baldío, unha vagoada regada por un regato e que remataba en tres presas que servían de almacenamento de auga para o sistema de regadío das veigas, que era o sistema de tandas; e outra, unha tomada do monte veciñal en mans de tres particulares que acadaron a súa propiedade en poxa pública, por ser dos de sempre, logo de que en plena posguerra fose confiscada por ser onde se achantaban os fuxidos da guerra civil que houbera no Reino Peninsular. Os da comunidade de montes tiveran que facer unha permuta para recuperar para o baldío o que sempre fora baldío.

Para chegar ás Presas de Deramo había que entrar pola Bocadomonte e deixar atrás o Escorregadoiro. O Escorregadoiro era unha laxe grande colocada pola natureza a xeito de rampla e tiña un dos seus cantos liso. Esta laxe servía de brincadeira para os nenos e nenas da parroquia. Colocábanse na punta máis alta e deixábanse caer arrastrando o cu. E así unha e outra vez até que había que recoller o gando que pastaba no monte, apañar o feixe de leña para a cociña ou cargar o carro de toxo para as cortes. O divertimento no Escorregadoiro roía as cueiras dos pantalóns e das saias, o que viña significar que, ao chegar ás casas, os nenos e as nenas non se librarían dunhas labazadas. Mais era o mesmo. Ao día seguin-



te os nenos e as nenas da parroquia de Risbasa, que distaba 19 Km da cidade que fora dos Grandes Asteleiros e das Casas Armadoras, voltaban brincar no Escorregadoiro. E facíanlo até antes de recoller o gando, apanhar leña ou cortar toxo.

Agora as Presas de Deramo eran case unha paraxe natural. O regato que as bañaba estaba limpo e con árbores de


ribeira: salgueiros, amieiros, bidueiros... No resto do terreo as árbores que dominaban eran castaños, carballos, faias e tamén piñeiros. Non, non había eucaliptos. Agora non había eucaliptos, mais antes si. Antes de que o monte pasase ás mans dos veciños e das veciñas, as Presas de Deramo estaban cheas de eucaliptos e piñeiros. Mesmo os da "forestal" tiñan neste lugar un viveiro de eucaliptos. Como se no noso País os eucaliptos precisaran de crianza. Certamente, esta non era a única aberración que se dera nos baldíos, nos montes veciñais en man común. Pistas forestais que destruzaban calzadas medievais, estacións de arte rupestre estragadas pola extracción de pedra e mámoas usadas como vertedoiros de lixo eran aínda algúns sinais do paso dos da "forestal" polos baldíos.

Nas Presas de Deramo estaba traballando unha cuadrilla de homes e de mulleres. Estaban nos labores de poda e de inxerto dos castiñeiros. A comunidade de montes de Risbasa, como case todas as comunidades de montes do País, mantiñan cuadrillas de traballadores e traballadoras no monte durante todo o ano. Cuadrillas que incrementaban o seu número nos meses de verán por mor dos incendios. A Administración Forestal Autonómica aínda non caíra da burra. Aínda non acababa de comprender que a loita contra o lume, para ser máis eficaz tiña que ser unha competencia exclusiva súa. A Administración Autonómica seguía montada na burra da prepotencia e seguía subvencionando as comunidades de montes e os concellos para a loita contra o lume. E seguía a descoordinación. E seguíanse vendo os equipos contratados polos concellos ir combater o lume con bañador e en fanequeiras. A Administración Autonómica aínda non acababa de comprender o que, dende había moito tempo, machacaban as comunidades de montes, que os lumes forestais rematarían cando houbera vida a carón do monte. A Administración Autonómica seguía pensando que os lumes forestais eran un mal bíblico, que tiñan que vir todos os anos como veñen as xeadas e as neves.

Nas Presas de Deramo, como en moitos lugares dos montes galegos, a función de creación de postos de traballo e de asentamento da poboación no medio rural ía sendo unha realidade. Ía deixando de ser unha reivindicación.

u u u

Na cidade tiña varios pisos. Mais para as fins de semana buscaba a tranquilidade. Mercara un terreo na parroquia



III

Nun local social dunha parroquia da cidade que fora dos Grandes Asteleiros e das Casas Armadoras tiña lugar unha xuntanza. Arredor dunha mesa de pino do País un fato de homes e mulleres falaban, discutían, escribían. Eran os dirixentes da Irmandade Comuneira. Estaban a organizar o Terceiro Congreso dos Baldíos. Atrás quedaba aquel Primeiro Congreso a onde acudiran comunidades de montes de todo o País, superando en número de asistentes ao congreso convocado meses antes pola Administración. Atrás quedaba a constitución da Irmandade Comuneira que fora boicoteada sen éxito pola Administración. Atrás quedaba a primeira manifestación de comeneiros e comeneiras de todo o País que na defensa do monte veciñal en man común, aquel sábado de febreiro, enchera a praza Máisgrande de Compostela. “O monte é noso”. “O monte é noso” foi un berro que até escoitou o Apóstolo.

A sala de reunións estaba chea de fume de tabaco. Xa era máis de media noite. Sempre pasaba o mesmo. Comezábase a reunión co propósito de non fumar, alomenos co propósito de fumar pouco. E segundo ían pasando as horas, as mans ían involuntariamente buscando os paquetes de tabaco xa nos bolsos, xa nos petos das camisas, e a disciplina voluntaria íase rachando. Até que a sala de reunións semellaba un fumadoiro.

Hoxe a reunión non era tensa, mais tiña que rematar en acordo. Este Terceiro Congreso dos Baldíos tería que ser o asentamento da Irmandade Comuneira. Mañá sen falta había

que presentar o programa na imprenta para a súa edición. Cumpría, pois, hoxe, rematar o programa do Terceiro Congreso. Atrás quedaban reunións tensas, case duras. Como aquelas en que houbo que acordar os obxectivos e as ponencias do Terceiro Congreso. Ou como aquelas en que se discutira se se invitaba ou non a representantes da Administración. De todas as reunións preparatorias que houbera, e houbera moitas, as máis duras foran aquelas en que se trataba dos medios de comunicación social, da prensa, da radio e da televisión. Os medios de comunicación social seguían a ser materia pendente da Irmandade Comuneira. Os medios de comunicación social silenciaban os actos, as actividades e as posturas da Irmandade Comuneira. Mesmo os articulistas, os chamados



creadores de opinión, non tiñan en conta para nada o monte veciñal en man común. Falaban de atentados terroristas, da cuota do leite, dos apresamentos dos barcos galegos..., mais

nunca falaban do monte veciñal en man común, nunca falaban dos baldíos. Para estes creadores de opinión o monte non existía, nun País onde os dous terzos do seu territorio era monte.

Certamente a cousa algo cambiara. O monte veciñal en man común, tan próximo e tan noso, xa non era o gran descoñecido, aínda que seguía sendo descoñecido. Recentemente dúas sociólogas fixeran as súas tesinas sobre o movemento das comunidades de montes veciñais en man común. Antes, o departamento de Economía da universidade da cidade que fora dos Grandes Asteleiros e das Casas Armadoras editara unha revista monográfica sobre os montes veciñais en man común. E na actualidade, unha historiadora dunha universidade portuguesa estaba facendo un estudo comparativo entre os baldíos galegos e os baldíos portugueses. Mais para os medios de comunicación social pouco cambiara. Aos da Irmandade Comuneira, nin auga.

A xuntanza dos dirixentes da Irmandade Comuneira rematará. Os reunidos ollaron para os reloxos e bufaron. O responsable da publicidade gardou a folla co programa do Terceiro Congreso. Mañá a primeira hora entregaría o programa na imprenta. Mañá, ao mediodía, á hora de xantar chamaría aos que ían ser homenaxeados. Chamaría aos pioneiros. Tamén chamaría ao presentador do Terceiro Congreso, que desta volta ía ser un actor de cine do País. Mais a verdade é que esta chamada corrialle menos présa.

u u u

As toupeiras non só vivían baixo terra. Tamén vivían nos corpos humanos. Cando menos no corpo dun dos pioneiros vivía unha toupeira. No mesmo momento en que o responsable da publicidade gardou o programa na carpeta, a toupeira que vivía no corpo dun dos pioneiros tivo que moverse. Tivo que moverse porque o pioneiro deu media volta na cama e o reflexo da lúa deixou ver a súa face. E a súa face desprendía felicidade.

IV

O monte é dos veciños! O monte é dos veciños! O monte é dos veciños! Así o pregoaban catro mozos nacionalistas, case nenos, percorrendo todas as parroquias do Val Miñor nun seat 600 de cor granate. E entre consigna e consigna soaba a canción de Fuxan os Ventos que comezaba con aquilo de "Primeiro Portomarín, dispois Castrelo do Miño". Traían debaixo do brazo o libro "O monte é noso" do colectivo CIES, un libriño editado pola Deputación Provincial onde viña un listado de montes veciñais en man común e unha instancia dirixida ao Xefe do Xurado Provincial de Montes, que era ao mesmo tempo o Presidente da Deputación Provincial. Esta instancia cumpría que fose asinada alomenos por seis veciños para poder iniciarse o expediente de clasificación do monte.

O monte é dos veciños! O monte é dos veciños! O monte é dos veciños! Así pregoaban os catro mozos nacionalistas, case nenos, por todas as parroquias do Val Miñor. E nas súas mentes traquían apuntamentos da Lei de Desamortización de Mendizábal e do Catastro do Marqués da Ensenada.

Convocaron asembleas en todas as parroquias do Val Miñor. Unha semana antes falaban con algunha xente da parroquia e buscaban un local para facer a asemblea, case sempre o torreiro da festa e poucas veces algunha tasca. Tres días antes colocaban os carteis anunciadores da asemblea, carteis feitos en cartulina branca e con escritura de rotulador, o de "canfor". A asistencia ás asembleas convocadas por estes catro mozos nacionalistas, case nenos, fora do

máis dispar. Na maioría dos lugares non acudía ninguén, acaso algún mirón, mais tampouco se achegaba. Nalgúns sitios acu-



día xente, oían o que dicían os catro mozos nacionalistas, case nenos; mesmo falaban, mais non se atrevían a asinar a instancia dirixida ao Xefe do Xurado Provincial de Montes, que era ao mesmo tempo o Presidente da Deputación Provincial.

O cadáver do Ditador Feitoenáfrika aínda estaba quente no Val dos Caídos. A longa noite de pedra aínda era noite e

era pedra. Mais na parroquia de Sarlebé foi distinto. Foi moi diferente.

Cando os catro mozos nacionalistas, case nenos, chegaron ao torreiro da festa había un número interesante de veciños. Tamén estaba un dos que ía ser homenaxeado no Terceiro Congreso da Irmandade Comuneira. Un dos pioneiros. Aos catro mozos nacionalistas, case nenos, alegróuselles o sentido. E comezaron a asemblea.

“Os montes veciñais en man común, os baldíos, son unha propiedade de carácter xermánico. É dicir, pertencen a todos os veciños da parroquia. Aos de onte, aos de hoxe e tamén aos de mañá. É, xa que logo, unha propiedade colectiva. Un ben de todos. Un ben social. Un ben común. Hoxe están en mans do ICONA, das deputacións e dos concellos, e bo produto que sacan deles sen que os veciños, os seus lexítimos donos, se beneficien ren”.

Os veciños da parroquia de Sarlebé asistentes á asemblea escoitaban con atención e asentían coa cabeza ás palabras dos catro mozos nacionalistas, case nenos. Moitos dos asistentes aínda lembraban que o último mítin que se celebrara naquel mesmo lugar fora na campaña do Estatuto de Autonomía, pouco antes de que estalara a guerra civil no Reino Peninsular. E os catro mozos nacionalistas, case nenos, seguiron falando:

“O monte veciñal en man común, o baldío, non se pode nin vender, nin dividir, nin embargar. É un ben para sempre. Unha propiedade perpetua. Pertence a todos os veciños da parroquia e con este ben nas vosas mans podeades mellorar a vosa calidade de vida. Este ben tan especial, tan noso, hoxe podemos recuperalo”.

Rematada a asemblea, os veciños da parroquia de Sarlebé faláron e preguntáron. O que ía ser homenaxeado no Terceiro Congreso tamén falou e tamén preguntou. Antes da guerra civil que houbera no Reino Peninsular fora secretario local das Sociedades Agrarias. Era un socialista de toda a vida. De Pablo Iglesias, de Largo Caballero, de Rodolfo Llopis. E agora de Felipe González. Despois da guerra civil tivera que vivir nun tobo que fixera no chan da súa cociña para salvar o peleso. Daquela criáraselle nas súas entrañas unha toupeira

que o acompañaría para sempre. Unha toupeira viva e ás veces terríbel.

Os veciños da parroquia de Sarlebé asistentes á asemblea preguntaron que había que facer para recuperar o seu monte e asinaron a instancia dirixida ao Presidente do Xurado Provincial de Montes, que ao mesmo tempo era o Presidente da Deputación Provincial. Mais non só asinaron seis veciños como era preceptivo. A instancia asinárona todos. E non só se limitaron a asinar a instancia para recuperar o seu monte, o seu baldío, senón que tamén se afiliaron no mesmo momento ao sindicato labrego que loitaba pola recuperación dos montes



V

Nun todoterreo, marca Nisan Patrol dos largos, ían os dirixentes da comunidade de montes de Ñaíba e un enxeñeiro forestal recén saído da escola. Ían rumbo ao baldío e o enxeñeiro forestal ía facer o seu primeiro traballo. Agora para entrar no monte, no baldío da parroquia, había que atravesar un túnel por debaixo da autoestrada. Era a autoestrada que unía a cidade que fora dos grandes Asteleiros e das Casas Armadoras co concello de Viladocastelo. A construción desta autoestrada fora unha desfeita para todo o Val Miñor e co paso dos anos seguía sen vérselle moito servizo. Cada vez semellaba máis que fora un capricho do conselleiro do ramo. Certamente a construción da autoestrada non tumbara casas. Mais dividira parroquias, rachara aldeas, estragara sistemas de regadíos, desviara ríos e até desfixera algunha finca de algún que outro pazo.

Quizais para a parroquia de Ñaíba o único bo que trouxera a construción da autoestrada fosen as dúas vías de acceso ao monte veciñal, o baldío. Eran dous accesos en condicións, un a través dun túnel e outro a través dunha ponte. Eran dous accesos por onde circulaban sen problemas os tractores, as motobombas, os camións cargados de madeira. Antes da chegada da autoestrada o acceso ao monte da parroquia era pésimmo. A duras penas pasaban os tractores; e os que se atrevían a pasar tiñan que facelo con moito coidado se non querían que a transmisión do tractor lles quedase atrás. O dos dous accesos ao monte veciñal da parroquia, un polo túnel e outro pola ponte, fora unha boa negociación da Comisión de Afectados

polas obras da autoestrada da parroquia co seu presidente ao fronte. A construción da autoestrada que unía a cidade que fora dos Grandes Asteleiros e das Casas Armadoras co concello de Viladocastelo tamén viñera a amosar o que xa se sabía, que a Consellaría de Medio Ambiente agora, como antes a de Agricultura, Gandería e Montes, non se preocupaba polos montes veciñais en man común. Para eles os montes veciñais en man común nunca eran declarados prevalentes, e iso que a autoestrada levara consigo máis de 100 hectáreas de baldíos, como se levara máis dun millón de hectáreas. A actuación da Consellaría de Medio Ambiente agora, como antes a de Agricultura, Gandería e Montes, sería da mesma irresponsabilidade.

Logo de atravesar o túnel da autoestrada, o todoterreo Nissan Patrol dos largos enfiou cara ao lugar do monte denominado Fonbela. Había pouco que amencera e o tempo estaba húmido. A orballada da noite era considerábel. Podíase ollar condensada nos picos dos piñeiros en pequerrechas boliñas semellantes aos pepinos de aceiro das caixas de cambios das bicicletas. Nos piñeiros que tiñan teas de araña, as boliñas escorregaban a chimpos até esnafrarse no chan para formar parte dos nutrientes das árbores.

A Fonbela estaba situada na faldra do pico do Castro, na vertente que miraba ao mar. Tiña unha pendente media e case no medio e medio tiña un olleiro de auga que non seca nin no verán. As árbores que dominaban eran os piñeiros e os carballos do País, carballos nados de xeito ventureiro, pouco traballados e bastante dexenerados. Os bos carballos, os carballos nais, foran levados había tempo para a construción de barcos. Dende Fonbela ollábase a praia da parroquia de Ñaíba. Era finais do mes de setembro e a praia estaba baldeira. Os fodechinchos xa marcharan, e os fodecadeluchas e os fodemixilóns tamén.

Os dirixentes da comunidade de montes da parroquia de Ñaíba, previo acordo asembleario, querían converter o lugar denominado Fonbela nun lugar de lecer, de ocio, de esparcemento. O enxeñeiro forestal recén saído da escola dixo que para un lugar de lecer o sitio era especial. Tiña un bo acceso, estaba preto da praia e tiña unhas vistas impresionantes. Falou de eliminar pendentes, de aproveitar o olleiro para construír unha fonte respectando a auga para o rego dos campos.

Falou de plantar árbores adecuadas respectando as existentes, de colocar mesas, asadoiros... Os dirixentes da comunidade de montes da parroquia recomendáronlle ao enxeñeiro forestal recién saído da escola que no seu proxecto non contemplase nin papeleiras nin colectores. Colocar papeleiras e colectores do lixo nun lugar onde non accede o servizo municipal de recollida do lixo é converter o lugar nun vertedoiro, nunha porcallada. Os cidadáns podían gozar do monte e, á volta, recoller os seus desperdicios e depositalos no colector máis próximo. E de todo o falado o enxeñeiro forestal recién saído da escola tomou nota na súa libreta de campo. O proxecto da Fonbela era un exemplo da multifuncionalidade que debían cumprir, e que xa estaban cumprindo, os montes veciñais en man común, os baldíos.



VI

No mediodía do día despois recibira unha chamada telefónica. Aínda non sentara á mesa a xantar. A chamada era dun representante da Irmandade Galega de Comunidades de Montes, do seu responsábel de publicacións. Estaban a organizar o Terceiro Congreso. Querían renderlle unha homenaxe a aqueles homes que nun primeiro momento pelexaron forte para que os montes veciñais en man común, os baldíos, foran devoltos aos seus lexítimos donos, aos veciños e veciñas das parroquias, das aldeas ou dos lugares e que logo bateran forte para que este tipo de propiedade non fose privatizada, sendo esta loita o arranque do nacemento da Irmandade Galega de Comunidades de Montes.

O Terceiro Congreso quería ser unha homenaxe a aqueles homes que hoxe, dende a tranquilidade e o sosego que dan os anos, contemplaban como outros homes, e agora tamén as mulleres, pelexaban para que o monte veciñal en man común, os baldíos, a propiedade veciñal de carácter xermánico, cumprisen as funcións que tiñan que cumprir e para que fosen un dos pilares para o desenvolvemento harmónico do noso País. Sería homenaxeado un home de cada bisbarra do País, e da bisbarra do Val Miñor o elixido era el.

A noticia recibida por teléfono agradárao e inquietárao. Vaidade e responsabilidade ás veces forman un magma común. Durante o xantar non parou de falar e de lembrar. Sentíase como aquela vez que o viñeran visitar uns mozos políticos da zona. Viñeran invitado a que se presentase candidato para as eleccións ás Cámaras Agrarias. A invitación tamén o

alegrara e o inquietara. El, durante a democracia que houbo antes da guerra civil que tivo lugar no Reino Peninsular, fora secretario local do sindicato agrario da parroquia. Sindicato que, despois da guerra civil, sufrira a confiscación de todos os seus bens. Cando recibiu a invitación dos mozos políticos da zona púxose contento e pensou no que se podía facer cunha cámara agraria ao servizo dos labregos: lograr a semente de pataca máis barata, comprar maquinaria... E tamén pensou no que xa non se ía facer máis: roubar quilos na compra do sulfato; roubo que facía o secretario da cámara agraria local, que se sabía e contra o que non se podía facer nada. Mais tamén tivo medo, non en van na ditadura que seguiu á guerra civil no Reino Peninsular tivera que vivir moitos anos nun tobo, o mesmo que se fose unha toupeira. A alegría venceu o medo e presentouse ás eleccións para as cámaras agrarias. Aínda que o sindicato polo que el se presentou acadou representación, as eleccións gañáronas os de sempre. E todo volveu ser igual. Malia a derrota, enchérao aquilo de que os labregos no momento de votar lle preguntaran ao presidente da mesa electoral: ¿Cal é a papeleta onde vai... onde vai o home que fora toupeira? O home que ía ser homenaxeado no Terceiro Congreso non comía, seguía pensando e falando. A muller, que o coñecía ben, tivo que dicirlle aquilo de "Come hó, que os vellos e os nenos sodes abofé como os gatos pequenos".

En toda a tarde non tivo paraxe. Andaba de acó para aló e de aló para acó. Da súa biblioteca buscou libros, revisou escritos, releu recortes de prensa de anos pasados. De noite, na cama, dera máis voltas que un sarillo. A muller, que o coñecía ben, díxolle aquela frase que moitas veces tivera que dicirlle "Anda hó, dá media volta e durme". O que ía ser homenaxeado no Terceiro Congreso durmiu, durmiu, mais non durmiu.

u u u

A toupeira que vivía nas entrañas do pioneiro que ía ser homenaxeado no Terceiro Congreso criáraselle despois da guerra civil que houbera no Reino Peninsular. Tiña unha posición e dous movementos. A posición era de báfido, e con el sentíase ben. Os movementos eran dous. El non sabía moi ben en que parte das súas entrañas aniñaba a toupeira, mais

debía de ser no ceo do padal. Un movemento era cando a toupeira corría pola gorxa, pasaba ao esófago e ao estómago e detiñase nas tripas. Era unha dor forte, punzante, mais soportábel. O outro movemento da toupeira era peor. Era



VII

As badaladas da igrexa parroquial de Sarlebé repinicaban sen parar. Non era o toque anunciando que había lume ou outra desgraza, mais era un toque de alarma, de chamada. As badaladas dicían claramente “Veciños! Están cortando madeira no río das Vacas! Están cortando madeira no río das Vacas! Acudide todos! Acudide todos!”

Os veciños e as veciñas que puideron acudiron ao río das Vacas. Era un inmenso eucaliptal. Máis de 50 hectáreas de arboredo e todo en idade madeirábel. Todos estaban sinalados, marcados, sentenciados para a corta, a corta salvaxe, a corta a matarrasa. Cando os veciños e as veciñas da parroquia de Sarlebé chegaron ao lugar, os peóns do madeireiro estaban prendendo as motoserras, motoserras Sthill, motoserras de moito fuste.

Os veciños e veciñas dixéronlles aos peóns que pararan as motoserras xa que a madeira non se ía cortar. Os peóns pararon as máquinas e dixéronlles que falasen co madeireiro. O madeireiro estaba dentro dun Land Rover. Facía que ollaba un fato de papeis. Os veciños e as veciñas, case tranquilos, achegáronse a el e dixeron “Aquí non se corta madeira ningunha”. O madeireiro, cabreado, amosoulles un papel mediante o cal, coa sinatura do alcalde do concello e do xefe provincial do ICONA, se autorizaba a corta da madeira. Os veciños e veciñas cabreados mostráronlle a instancia co selo do rexistro e dixeron “O monte é noso”. O madeireiro, case tranquilo, dixo “vale” e fungou polo baixo “Isto non vai quedar así, comunistas”. As motoserras seguiron caladas.

O alcalde do concello de Viladocastelo fora o último alcalde franquista e o primeiro alcalde democrático. Durante os últimos anos do franquismo acadara a alcaldía a base de invitar a papadas de marisco ao Gobernador Civil que, ao mesmo tempo, era o Xefe Provincial do Movemento. O alcalde, que tiña cara de alcalde franquista, tiña na vila unha cadea de restaurantes e bares. O madeireiro era, ao mesmo tempo, o Presidente da Cámara Agraria Local. Collía todas as poxas de madeira que se facían nos montes das parroquias do concello de Viladocastelo. Logo, cando os montes foron devoltos aos veciños, e as poxas de madeira se facían a sobre pechado, o madeireiro non gañara ningunha. Puxaba sempre á baixa. Estaba afeito, mal afeito. Non pasou moito tempo en que tivo que pechar o seu negocio.

Cando o madeireiro lle contou a nova ao alcalde, este cagouse en algúen e bateu forte na mesa. Sabía que os montes veciñais en man común, os baldíos, ían pasar ás mans dos veciños. Mais que pasasen pelados, que pasasen sen unha árbore en idade madeirábel. No río das Vacas podía facerse unha porrada de millóns. E os millóns fan falla para gañar votos. As primeiras eleccións democráticas aos concellos estaban a punto de caer, e el íase presentar. O madeireiro, aínda que non se ía presentar, ía apoialo, e os cartos da madeira, aínda que non irían para financiar a campaña electoral, irían para os seus petos.

Logo de facer certas chamadas telefónicas, o alcalde seguiu sentado no seu despacho, o madeireiro voltou ao monte e detrás del ía un catrolatas da Garda Civil. Ao chegar ao río das Vacas as motoserras seguían caladas e os peóns estaban estomballados. Os veciños e veciñas da parroquia estaban en grupos e falaban e fumaban. O madeireiro, co valor que senten os cobardes cando están protexidos por armas, ordenou iniciar a corta. Os veciños e veciñas dixerón que non, que de cortar madeira nada de nada. O monte era deles. O cabo da Garda Civil, con xestos franquistas, porque ás veces morre o can mais non morre o rabo, preguntou polos "cabecillas" daquel motín. Os "cabecillas" eran todos. Até era o Meco, ou para que entendera mellor, xa que non era desta terra, até era Fuenteovejuna. O cabo da Garda Civil leu o nome dos seis primeiros asinantes da instancia que solicitaba

a declaración do monte da parroquia como veciñal en man común, e levounos ao cuartel. O que logo ía ser homenaxeado no Terceiro Congreso tamén estaba na lista. Pero a toupeira que levaba nas súas entrañas non se inquietou. Bufou e el sentiuse ben.

Dende o Goberno Civil da provincia alguén con dous dedos de miolos debeulles dicir aos do cuartel da Garda Civil que se deixaran de facer o parvo, que os montes, os baldíos, ían pasar ás mans dos veciños. Que non se meteran en camisas de once varas. Que lle deran ao alcalde e ao madeireiro. Que soltaran os veciños e aquí paz e despois gloria. O alcalde do concello de Viladocastelo, o de cara de alcalde franquista, o das papadas de marisco co gobernador civil, tivo a súa primeira batalla perdida; aínda que logo gañara a guerra das primeiras eleccións democráticas aos concellos.

Os cartos da corta de madeira no río das Vacas foron os primeiros cartos que administraron os veciños e as veciñas da parroquia de Sarlebé, aínda que por mor da conciencia colectiva negativa con que foron devoltos os montes veciñais en man común, os cartos non se investiron como se debía. Formigonáronse un bo feixe de camiños, que por outra banda boa falla facía, mais nada se investiu no monte.

u u u

VIII

No colexio público da parroquia de Dorebá había unha tremenda escandaleira e o ar fervía de barullo. Alumnado, profesorado, axentes forestais e directivos da xunta rectora da comunidade veciñal ían pasar un día percorrendo o monte da parroquia. Ían compoñer un herbario e deseñar un sendeiro peonil, mellor dito, un carreiro. Os patrols da consellaría e o autobús escolar, cos motores a ralenti, íanse enchendo de nenos e adultos. Os patrols e o autobús escolar meteron a primeira e arrancaron até chegar preto dun encoro. Alí arrombáronse os vehículos, xa que remataba a estrada de piche. Dende este lugar arrancaban diversas pistas de terra chamadas, non se sabía moi ben por que, pistas forestais.

Durante toda a mañá, alumnado, profesorado, axentes forestais e directivos da xunta rectora da comunidade veciñal colleron todo tipo de follas. Follas de árbores, follas de arbustos e tamén todo tipo de fento e de herbas. Logo cubrían unhas fichas técnicas baixo a dirección dos axentes forestais, que servirían para compoñer o herbario. Herbario que pasaría a ser patrimonio da comunidade escolar. O xantar fixérono baixo as sombras dos piñeiros e dos carballos á beira dun regato. Case todos comeron bocadillos de tortilla de patacas e froita e beberon cocacola. Moi poucos alumnos xantaron bocadillos de carne e beberon auga. Moitos alumnos, mentres movían as queixadas, lembrábanse das "pizzas".

E pola tarde deseñaron o sendeiro peonil, mellor dito, o carreiro. Sería o que os técnicos denominaban un sendeiro de pequeno percorrido. O sendeiro, mellor dito, o carreiro, arrancaba dunha casa en ruínas que a fantasía infantil chamaba "a casa da bruxa" e logo encamiñábase ao palco da música do torreiro da festa. Era un palco pequeno e feito con pedra do país, que estaba á beira da igrexa parroquial, e esta ao carón do cemiterio. O sendeiro, mellor dito, o carreiro, continuaba por unha pista de terra e chegaba a unha estación de arte rupestre. Era unha estación onde había moitos petroglifos; moitos deles datados de moitos anos antes de Cristo. Tamén había axadrezados, coviñas, espirais, círculos concéntricos... Mais o que máis destacaba, segundo os arqueólogos, era o gran mural. Un gran mural onde estaban riscados moitos animais cuadrúpedes, unha estrela e unha figura rara, unha figura que semellaba a boca dun peixe, sen ser a boca dun peixe. Os arqueólogos dicían que era un dos petroglifos máis importantes do País.

Deixando atrás a estación de arte rupestre, o sendeiro, mellor dito, o carreiro, enfiaba unha calzada medieval que aínda se conservaba en bo estado. Dende un descanso desta calzada medieval podía ollar toda a baía de Viladocastelo e a ría da cidade que fora dos grandes Asteleiros e das Casas Armadoras. E, incluso, cando o tempo estaba despexado, podía contemplarse a ría de Máis Alá. Esta calzada medieval fora unha vía de comunicación moi importante. No seu tempo enlazaba as bisbarras de Miñoabaixo e da Fronteira coa parroquia de Risbasa, que era un lugar onde todos os luns, dende os tempos de Medievo, se facía un mercado, que empezou sendo agrícola e rematou sendo un "saldos-arias".


Seguindo o percorrido, o sendeiro, mellor dito, o carreiro, atravesaba unha fraga, entraba noutra estación de arte rupestre máis pequena mais que tamén contiña axadrezados, coviñas, espirais e círculos concéntricos, e antes de voltar á "casa da bruxa" pasaba por un lugar onde había un muíño de man e dúas mámoas. Neste lugar algúns profesores quixeron facer un paralelismo, xa que o lugar onde se atopaba o muíño de man denominábase Outeiro das Centeas. Todo o mundo o tiña claro. Nin ao alumnado, nin ao pro-

fesorado, nin aos axentes forestais, nin aos directivos da xunta rectora da comunidade veciñal lles entraron dúbidas. O sendeiro peonil, mellor dito, o carreiro, recibiría o nome de Carreiro dos Petroglifos.

A divulgación dos valores do monte entre a xente nova, o amor á natureza dende a escola, a defensa do patrimonio histórico-artístico e o gozo da paisaxe tamén estaban sendo unha realidade no monte veciñal en man común, no baldío. Cando os patrols dos axentes forestais e o autobús escolar apagaron os seus motores na entrada do colexio público de Dorebá, o sol estaba entrando no mar.

u u u

Os donos do céspede minado pola toupeira seguíanlle



IX

Anova recibida, por teléfono, no mediodía do día anterior, gustáralle. A vaidade é o selo do ser humano, e a ninguén lle amarga un doce. Mais, ademais, a homenaxe era de xustiza. En anteriores congresos da Irmandade Comuneira foran homenaxeados xuristas, maxistrados e escritores; o que non estaba mal. Mais o que non estaba ben era que nunca foran homenaxeados os veciños e veciñas comuneiros que, ao fin e ao cabo, foran e eran o elemento dinámico do sector monte.

Homenaxe aos pioneiros! Un de cada zona do País. E o homenaxeado desta zona era el. Estaba ben, por que non dici-lo sen falsa modestia. El significaba algo na loita pola recuperación dos montes veciñais e pola mellora dos baldíos. Atrás quedaban os anos do silencio chumbo, os anos negros, os anos de medos, os anos de bater contra as rochas do concello, da xustiza, da administración. Os anos da toupeira.

Bafidos da toupeira que lle medrara nas entrañas do seu corpo despois da guerra civil do Reino Peninsular tivera poucos: o nacemento dos seus netos, a entrada de Fidel Castro na Habana. Dos movementos da toupeira que, dende o ceo do padal, lle chegaba ás tripas, tivera máis. Sentiuno cando os aliados abandonaron as forzas da República Peninsular, cando os ianquis asinaron o tratado co ditador Feitoenáfrica, cando fora o referéndum da OTAN, cando o seu Felipe González pediu na televisión o Si no referéndum para que o Reino Peninsular entrase na OTAN. Daquela deuse conta de que, ao mellor, o golpe de estado do 23F dera o resultado que quixeron os que o amañaron. Daquela comprobou como as redes caciquís eran usadas polos

que gobernaban, sen importar a cor. Daquela pensou que os servizos secretos de información, de intelixencia, ou de como demos se chamasen, sacaban e colocaban gobernantes. Mesmo na democracia. Este cambio doíalle e a toupeira camiñaba cara ás entrañas. El era socialista de toda a vida, seguiría sendo socialista, deixando de ser socialista.

Co golpe de estado do 23F o movemento da toupeira que lle medrara nas súas entrañas foi do ceo do padal cara aos miolos, producíndolle unha dor insoportábel. Este movemento sentírao por primeira vez cando, logo da guerra civil que houbera no Reino Peninsular, tivera que estar achantado nun tobo que fixera no chan da súa cociña. Fora cando os falanxistas viñan á súa casa todas as noites e preguntaban por el. A súa muller estaba na cociña, os falanxistas tamén, e el debaixo deles. A súa muller nada lles dicía aos falanxistas. Tomaba o aceite de ricino en silencio e logo andaba varios días descomposta. A toupeira comezaba o seu percorrido cara ás fosas nasais.

Despois viña outra noite. Os falanxistas preguntaban por el. A súa muller nada lles dicía. E el debaixo deles. A muller soportaba en silencio e sen bágoas a dor moral que se lle producía cando os falanxistas lle cortaban o pelo ao rape, e mentres quedellas do seu pelo negro caían polos ombros, os falanxistas escachaban de risa e contaban chistes. Chistes de fillos de mala puta que era o que eran. A toupeira que lle medrara nas súas entrañas entráballe nos miolos e comezaba a dor. A tremenda dor.

Cando marchaban os falanxistas, el saía do seu tobo con remordementos de cobardía. A muller escachaba a chorar no seu peito.

Isto non pode ser, non podo continuar, non podo estar no tobo mentres a ti che fan o que che fan.

E que te maten como fan cos que atopan? Uns aparecen nas cunetas, outros nos montes, e todos aparecen con sinais de tortura. Eu quéroste vivo.

Calquera día vante follar eses fillos de puta.

Violaranme. Follarme non me follarán. E non é o mesmo.

Con estas palabras da muller mesturadas con bágoas, a toupeira voltáballe ao seu niño, dentro das entrañas. Seguramente no ceo do padal. Por iso, anos despois, cando ía para cama, despois da muller, que case era sempre, antes de apa-

gar a luz, ollaba cara a ela e admirábaa cun silencio expresi-
vo.



X

Para legalizar as comunidades de montes veciñais en man común había que aprobar os estatutos, estatutos que regulamentaban o uso e os aproveitamentos dos baldíos. E esta aprobación tiña que ser diante do xuíz de paz, e a lei esixía un quórum moi elevado, do 75% dos veciños e veciñas comuneiros. Tiñan dereito a ser veciño e veciña comuneiro un representante de cada casa con fume. Na parroquia de Ciosvin houbera dous intentos para aprobar os seus estatutos e non os deran aprobado por falla de quórum.

A xunta provisional da Comunidade de Montes de Ciosvin estaba dividida. Cumpría legalizar a situación ¿Mais como? Xa fallaran en dous intentos, a cousa non estaba doada. Que participasen nunha asemblea xeral o 75% dos veciños e veciñas comuneiros non era doado, era unha tarefa complexa, máxime cando se viña dunha ditadura onde unha reunión de máis de dúas persoas era unha manifestación ilegal. Había que facer algo, había que escachar os miolos.

Unha parte da xunta provisional da comunidade veciñal argumentaba que había que amosarlle aos veciños e veciñas comuneiros a importancia de que os baldíos estivesen nas súas mans, e había que amosarllo con algo palpábel. Quizais fose bo, durante o mandato da xunta provisional, proceder a formigonar os camiños da parroquia, que por outra banda estaban abandonados da man do concello.

A outra parte da xunta provisional da comunidade veciñal

argumentaba que facer isto era facerlle o xogo ao concello, sería usar o baldío como amortecedor das reivindicacións veciñais; os camiños tenos que formigonar o concello, que para iso se pagan os impostos; a riqueza do baldío ten que ter outro uso, xa ben chucharon dos baldíos os concellos.

Como non houbo acordo entre as dúas posturas da xunta provisional da parroquia de Ciosvin, someteron a cuestión a votación. Gañaron os da primeira proposta, os de formigonar os camiños da parroquia; perderon os dos outros usos do monte. Todos os membros da xunta provisional da comunida-



de veciñal entendían que o baldío non podía facer de substi-

tuto do concello. Mais era peor a urxente necesidade de ter que aprobar os estatutos.

Marcouse madeira no baldío, poxouse e procedeuse a formigonar os camiños da parroquia. Formigonouse, ás veces, o que non había que formigonar, e cando chegou o día de aprobar os estatutos foron aprobados coa existencia do quórum necesario. Ás veces as cousas que empezan mal teñen un bo final.

u u u

A dona da casa de perpiaño da parroquia de Sorreibo estaba tan leda, tan feliz coa morte da toupeira, que despois de brincar debaixo das sabas até soñou. Soñou que xa estaba navegando no cruceiro e que o seu coidado céspede non estaba estragado, a maldita toupeira estaba morta. Soñou



XI


A convocatoria da Asemblea Xeral de veciños e veciñas comuneiros da parroquia de Rostipei remarcábo ben: “Dada a importancia dos temas a tratar, pregamos a súa asistencia e a súa puntualidade” e cando chegou a hora de comezar a asemblea, en segunda convocatoria, había o quórum suficiente. Os veciños e veciñas comuneiros xa xestionan os seus montes como algo seu, e tamén queren decidir a súa administración.

A Acta anterior apróbase. O informe de xestión da xunta rectora, o estado de contas da comunidade e o orzamento para o presente ano, tamén. Ao chegar a un dos puntos importantes desta asemblea xeral, o presidente da xunta rectora da comunidade veciñal toma a palabra:

“O obxectivo que ten este proxecto é a construción dun parque de lecer. Acondicionarase unha parcela de case 12 hectáreas para o mesmo, crearanse infraestruturas de equipamento, que sirvan como base física para a realización de actividades relacionadas co medio natural, acondicionarase unha área en torno á cal poidan realizarse actividades lúdicas no contorno do monte; deste xeito as especies arbóreas que se van plantar serán as propias do bosque natural galego desta zona. Montarase un miradoiro, dotarase a parcela de mesas e bancos, que serán de pedra do monte, haberá un lugar para a produción de marmelada caseira de framboesas e un espazo para a produción de compost.

O proxecto tivo un debate moi interesante. Houbo moi-

tas intervencións de veciños e veciñas comuneiros. Mellorou-



se bastante o proxecto orixinal e aprobouse por unanimidade.

Outro dos puntos importantes a tratar nesta Asemblea Xeral da Comunidade de Montes da parroquia de Rostipei era a aprobación duns estatutos para o aproveitamento do gando no monte. Toma a palabra o vocal da xunta rectora encargado dos traballos no monte :

“O aproveitamento do gando nos montes é un dereito dos veciños e veciñas comuneiros. O gando que anda hoxe ceibo nos nosos montes é de xente allea e todos sabemos que o gando así explotado é unha das principais causas dos lumes forestais. O gando no monte, ordenado, saneado e

cunha explotación racional é un beneficio para o monte. Mais tal e como está hoxe, en mans de xente allea e explotado con técnicas da prehistoria, non fai máis que estragos no monte. Estragos nas novas plantacións e lumes forestais. Cómpre pois que procedamos a aprobar uns estatutos para a explotación racional do gando nos montes, uns estatutos que para levar adiante o aproveitamento racional do gando requiran facer un estudo do tipo de gando que interesa, o número de cabezas por hectárea, a rotación dos pastos, o sistema de pastoreo. Deste xeito o gando, ademais de ser unha importante medida de prevención de loita contra o lume, é unha fonte de riqueza e, xa que logo, fixará poboación na zona de influencia do monte”.

No debate deste punto, tamén interesante, as intervencións foron máis encontradas. Non se aprobou por unanimidade, aprobouse por maioría xa que houbo unha proposta dun grupo de veciños e veciñas comuneiros solicitando a expulsión do gando ceibo do monte veciñal.

A Asemblea Xeral da Comunidade de Montes de Rostipei rematou co apartado de rogos e preguntas, onde unha veciña comuneira solicitou da xunta rectora da comunidade de montes que procedese a facer un reparto de leña para uso




XII

Agora o Casino da parroquia era a Casa Veciñal. Alí tiñan a súa sede a asociación veciñal, a comunidade de montes, o grupo de teatro, a banda de música, a coral. Mais antes non, antes o Casino marcaba a diferenza entre ricos e pobres, entre os señoritos e o populacho, entre os bos e os malos, entre os gañadores e os perdedores. Mesmo para recalcar esta diferenza, e guiados pola mala fe dos directivos do Casino, facían a súa verbena principal o mesmo día da festa da patroa da parroquia e, claro, a veciñanza da parroquia non podía entrar na súa verbena. Antes aínda era peor, nas mesas do Casino, coas pistolas enriba delas, os falanxistas acordaban a quen ían sacar pasear cada noite.

Agora non. Aínda que lle custou nun principio, pois a toupeira que vivía nas súas entrañas iniciara a viaxe cara aos seus miolos, agora o que ía ser homenaxeado pola Irmandade Comuneira entraba no Casino, entraba a ler os periódicos, a ver as actividades do movemento veciñal e poucas veces a xogar ás cartas.

O pioneiro que ía ser homenaxeado no Terceiro Congreso da Irmandade Comuneira lía dos periódicos a información local e as esquelas; antes lía todas as seccións, agás as esquelas. Cando ía marchar, o presidente da comunidade de montes da parroquia preguntoulle se recibira a chamada da Irmandade Comuneira. E tamén lle comentou, como nova importante, que para as eleccións aos concellos os partidos da Terra puñan nos seus programas dotar o Val Miñor dunha disciplina de Técnico Forestal.

À noitiña chegou a casa o que ía ser homenaxeado por esta zona. O seu fillo díxerlle que chamaran os da Imanda-



de Comuneira recordándolle que o sábado ás sete da tarde, no Centro Cultural da cidade que fora dos Grandes Asteleiros e Casas Armadoras, ía ser a homenaxe. A súa muller díxerlle que botaban na tele a película de Henry Fonda "As uvas da ira".


De Fonda non. De John Ford.

Ben, ti xa sabes que eu me fixo máis nos artistas que nos directores.

O pioneiro que ía ser homenaxeado no Terceiro Congreso da Irmandade Comuneira pediulle ao seu fillo se lle podía gravar a película de John Ford, quería ir para a cama. Antes de deitarse, como sempre, saíu ao balcón, tirou coa pava de Ducados e ollou para o ceo, como sempre. Un grupo de gatos e gatas facían un barullo tremendo, debían andar ás xaneiras. O can ladraba, debía achegarse algunha moto. Unha rotativa avanzaba pola estrada comarcal, debían ser os recolletores do lixo.

O pioneiro que ía ser homenaxeado estaba canso, a toupeira que medraba nas súas entrañas non bufou. E os dous durmiron profundamente.

u u u



Entrevista a **Edelmiro Rodríguez Táboas**

O finado e sentido Nano Cambeiro dicía que as comunidades de montes do Val Miñor eran as pioneiras na defensa do monte veciñal. Por iso e con motivo das VII Xornadas de Montes e Medioambiente do Val Miñor quere-mos renderlle unha homenaxe ao veciño-comuneiro Delmiro Rodríguez Táboas. Porque Delmiro foi un pioneiro na recuperación dos montes veciñais en man común, o monte da súa parroquia foi o primeiro en devolvér-selle aos veciños e veciñas; foi pioneiro na constitución da Mancomunidade de montes do Val Miñor e foi pioneiro na formación da Organización Galega de comunidades de montes.

Latino Rodríguez Areal

Presidente da Mancomunidade de
comunidades de montes do Val Miñor

Edelmiro Rodríguez Táboas

“A verdade é que pasei moitos disgustos, ata me quixeron prender e todo, non o alcalde non, os da Tafisa..”

Naceu o 23 de abril de 1925. Foi o primeiro veciño do Val Miñor en organizarse para constituír o movemento reivindicativo dos Montes en Man Común en Belesar 1978. Unha vez constituída a de Belesar as outras foron saíndo sen moito traballo.

Esta entrevista realizárona: Latino Rodríguez Areal, Xosé Alfredo Pereira Martínez, Xosé Lois Vilar Pedreira e Carlos Méixome Quinteiro.

¿Acórdalle como eran os montes antes da guerra, cómo se xestionaban?

Eu era neno, pero sei que os montes eran libres, non había ningún regulamento, os veciños ían ao monte buscar o que fora e o único que se dicía era que aquel era o monte de Oia, ou de tal... non había reunións para acordar as cousas. No ano cincuenta quixeron cobrar un peso a cada casa por ir ao monte buscar frouma para o cortello do porco, a algunha casa de Santa Cristina aínda lle cobraron, pero algúns empezaron a protestar e a dicir que o monte é noso, que non é deles. Non había nada, nin asembleas, reunións, nin acordos.

E os de Belesar ían a Oia, ou a outros montes?

Todos ían a onde mellor lle cadraba, ao Campo Grande, debaixo do Costado, co que estrema Belesar. Daquela non



había gando e o que se buscaba era o toxo. Había gando pero estaba nas casas, había máis que agora. Só na parroquia de Belesar había unhas setecentas vacas, que estaban nas casas porque había que traballar, sacarlle o leite e todo eso. Na nosa casa tiñamos cinco, noutras sete ou oito, hoxe non hai ningunha en toda a parroquia. Hoxe o gando que hai está todo no monte, daquela tamén había burras no monte.

E árbores, arborado había nos montes?

Non antes da guerra era todo matogueira. Árbores só dende o ano 1944. Nese ano a Deputación acordou replantar os montes, tanto nos nosos como nos do resto da Provincia, e despois asinaron un acordo con ICONA, no ano 1951, polo que repartían os beneficios dos montes entre o Concello que levaba o corenta por cento, a Deputación que quedaba co trinta e cinco por cento e o Icona que quedaba co vintecinco por cento. E despois había un acordo que lle chamaban a Base Cuarta, que consistía en que dunha corta de árbores dividían en catro partes iguais e a cuarta parte era para mello-ras da parroquia.

Hai un momento despois da Guerra que se acorda que os montes que sempre foran usados libremente polos veciños pasen a ser xestionados polos concellos, acórdalle se houbo enfrontamentos entre os veciños e os concellos polo uso libre dos montes? Despois houbo que recuperalos das mans dos Concellos, alá polos anos 1970.

A lei había, pero os veciños seguiron indo ao monte e non houbo nada, nin enfrontamentos nin nada, a xente seguía dándolle ao monte o uso de sempre, o toxo, as piñas, a frouma dos piñeiros, a madeira... acarrexar aquí e dalá. Incluso as veces nas que cando era do reparto orbicado do Concello da parte dos veciños, tiña que facer o reparto entregando o cincuenta por cento en metálico, o corenta por cento en obras na parroquia, e o dez por cento restante en obras sociais. E non cumprían co acordado. Cando se fai a repoboación a xente xa empezou a vender as ovelas, e a ir menos ao monte. Non houbo enfrontamentos, usurparon os montes sen que se revolveran os veciños.

Edelmiro, cómo foi o traballo de repoboamento dos montes?

Collían xente de por aquí e máis traían xente de fora da parroquia. Plantaban piñeiros, nada de eucaliptos, eses chegaron mais tarde. E lembro ben que os primeiros piñeiros chegaron ao monte en carros de bois.

De cando son os lumes nos montes?

Lume no monte houbo sempre, pero antes era lume controlado, queimábase a matogueira no inverno, para labor de limpeza. Lume de verdade eu non o acordo, contoume meu abó, e debía estar eu aínda sen nacer, ardeu o monte todo e mirade como sería que ata lle afectou ao millo das terras de abaixo. Só da casa do meu abó arderon dezaseis burras do monte. E logo sí, xa dos anos setenta en diante empezou a haber lumes e lumes...

Belesar foi a primeira parroquia en recuperar os montes, e foi grazas ao teu traballo. Cómo fixo?

Pois ir a Pontevedra, con Rafael Iglesias que era das Comisións Labregas, e que ía comigo, e falar e discutir os artigos das leis, e non ter medo, porque do monte sabía eu moito máis ca eles, que os que mandaban en Pontevedra, aínda que non sabía nada de leis. E eles veña a arrear cos artigos das leis, e non querían entregar os montes. Unha chea de voltas. O gobernador fíxome entregar toda a documentación dos montes, e nós veña a discutir como comuneiros. Eran franquistas, e botamos anos loitando con eles, dende o setenta e tantos ata o oitenta e un. Todo hai que decilo chegou un momento no que me recibían a calquera hora, eu chegaba sen avisar, ás veces ata dúas e tres veces por semana, e o gobernador cos seus alí a escoitar o que eu lles levaba. Ás veces ata os chamaba cando había lumes e enseguida mandaban vir o avión.

E quen estaba daquela no Concello?

No Concello de Baiona xa estaba o Chicho, e de douscentos e pico de comuneiros, só estaban comigo un par deles, qué vos perece? O resto eran do alcalde. E veña, a loitar tamén contra el, e a presentarlle escritos e ir falar, e todo foi insistir e loitar con eles; unha das veces ao Rafael, o do sindicato, botárono fóra do concello. Ata que un día viñeron un tal don Luís, don Juan e don Miguel, e o Rafael empezou a discutir con eles, moi forte e o don Luís dixo falando o castelán: esto quen ten que resolvelo son vostedes, que son os amos do terreo e máis o concello. E eu dixen esta é a nosa, agora é o momento, porque lle tiñamos parada á Tafisa unha corta dende había sete meses, desa foi cando me quixeron prender. Querían facer a corta e non querían que houbera follón porque se ao asunto se lle daba publicidade era peor. Se o monte é noso, dos veciños, pois os dereitos son nosos tamén. Entón acordouse que pagarían setecentas mil pesetas pola corta e que as mandarían ao Concello para facer o reparto, do que eran para os veciños o sesenta por cento e o corenta para o Concello. E botamos máis de sete meses desde que mandaron as cartas, sen que o Concello nos dera

eses cartos. O tal don Luís fora presidente da Deputación e daquela era o enxeñeiro responsable do ICONA, Luís Peláez Casalderrei. E o don Juan, Juan Bernaldo López, un andaluz que era o seu axudante. Eles buscaban o deles, claro! pero a min tratáronme ben, non deixaron de atenderme nunca, e non querían follóns. E cando lle pediamos algunha cousa relacionada cos traballos no monte sempre atenderon o que pedimos.

Que facía aquí a Tafisa?

Pois tiña un acordo, ou un convenio, co ICONA para as cortas da madeira, e nós tiñamoslle parada unha boa dende había moitos meses, era a empresa aquela de Santiago que andaba a comprar a madeira toda dos montes, o Rafael insistía en non facer caso das ameazas, e facer fronte para non deixar facer a corta, pero eramos media ducia de veciños contra os demais que estaban co Chicho que tiña moito conto. ICONA vendíalle á Tafisa, e cobraba a parte dos veciños o Concello, ademáis da súa parte. Pero nós non demos permiso para cortar, porque o que queríamos era a devolución do monte. Esa corta era en varios sitios por Cubelo e máis aquí na Aranda. Había varios lotes. E no follón, o que tiñan de encargado ameazábanos dicindo veñan, veñan que inda vai algún preso e máis paga a multa; e algún dos nosos quería dar volta, grazas que o Carreteiro, que dicía mecaghontal, veña para diante que se fai falta pago eu as multas. Claro que el axudou porque ía moito ao monte a buscar pedra, era contratista e levaba unhas trinta laxes de cada vez, e eu nunca lle chamaba a atención... pero axudou daquela.

En qué ano se declarou exactamente o monte veciñal?

Foi no oitenta e un, non lembro o mes. Penso que en outubro. E por aquela foi a primeira Xunta Rectora, que era moi complicada, porque había dous bandos... nós queríamos asinar os Estatutos e os do alcalde non querían. Despois tivemos que facer unha xunta e a algúns enganeinos, dicíndolles que non os ía meter e tal... e así por fin asinaron. E xa fixemos a reunión e quedei eu de Presidente.

Cal foi a primeira obra que se fixo na parroquia cos cartos do monte?, ou as importantes que acorde...

Pois foi por alí polo camiño da nosa casa para diante. Pero logo arranxouse o cimiterio, comprouse o terreo do cimiterio, fíxose o palco, e o muro, e despois os camiños, case todos, se non fose o monte hoxe non se pasaba por alí. Os

instrumentos da banda de música, o órgano, os traxes, e o da Coral, e as cadeiras e todo iso... E moita xente non quería, sempre loitando. Pero quedoume pena de non poder facer o Centro Cultural. Fixemos o papeleo, e está empezado, polo menos iso. E deixei o monte todo lindado, con documentos e as actas desde o ano 1600, a última que se fixo é o deslinde de concellos no 1938, cos tres concellos xuntos, no Corno Ladredo, nas Chans, pero non se chegou a acordo. O que sí fixemos foi moito traballo no monte, limpeza, repoboación, plantación de castiñeiros, pistas, iso foi todos os anos.

Cando fixeron a clasificación dos montes recolleron ben nos mapas o que era de cada parroquia?

Os mapas están moi mal feitos, fixéronos sen vir a preguntar por onde vai, ou por onde non vai, é un desastre o que fixo a Provincial esa. No deslinde anduvo moito cafre, como aquel, un garda forestal, que despois en Pontevedra decía que falara cos da parroquia e nada deso... Pero nós ben sabiamos cal era a extrema do monte con Tomiño, ou con Mougás... Non se usaban os marcos, e arrincáronos todos, non quedou case máis que o de Corno Ladredo. Tiñamos a documentación do Marqués da Ensenada e con eso na man e co que sabían os vellos era moito mellor para facer o traballo de clasificación.

Dunha vez houbera un incendio moi grande... Cal cré que foi o máis grave dos incendios do monte? E de quen cres que foi a culpa?

Pois daquela a culpa quen a tivo foi un que era axente forestal, alá polo ano 1992. Fora cunha brigada á parte d arriba do monte e despois veu á casa, e desde abaixo veu o fume no cumio e en vez de avisarnos a nós para apagalo a tempo pois... en fin arderon moitísimas hectáreas, case cen, moitos castiñeiros, non se daba apagado, varios días e despois veu a chover. A culpa tívoa el que non soubo apagar a tempo o lume nin avisar a quen debía. Se suben pronto e apagan alí pois xa estaba, o lume non avanzaba cara abaixo, polo Cortelliño todo... Viñera un avión e marchara porque non era quen de entrarlle ao lume.

E que é para vostede A Groba, que sitio é?

A Groba é o que está por baixo de Corno Ladredo, o que é da Granxa, aos dous lados do río, toda esa caída é A Groba, do resto non hai nada de Groba, aínda que moita xente fala do alto da Groba, pero non é tal. E despois está A Gabiñeira toda, hai que lle dar o nome que ten a cada lugar, A Costa

**Breve cronoloxía histórica
da Mancomunidade de
Comunidades de Montes Veciñais
do Val Miñor**

BREVE CRONOLOXÍA HISTÓRICA DA MANCOMUNIDADE DE COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS DO VAL MIÑOR



Xosé Alfredo Pereira e Eladio Pérez González: comeneiros do Val Miñor que formaban parte da Coordinadora de Montes de Galicia (1989).

Antes do ano 1991

As comunidades de montes veciñais en man común do Val Miñor, como proceso previo a mancomunarse, traballaron conxuntamente na loita contra o proxecto da lei de montes veciñais do ano 1989 (no que conseguiron introducir emendas tan importantes como foron o reforzamento do concepto xermánico da propiedade veciñal, a condonación da débeda histórica e a posibilidade de mancomunarse), na realización de xornadas sobre os montes veciñais e o medio ambiente e na loita contra o lumes forestais.

Tamén formaron parte da Coordinadora de Montes de Galicia.

14/Decembro/1991

Na Casa de Cultura do concello de Gondomar, asínase a acta de constitución da Mancomunidade de comunidades de montes do Val Miñor. Están presentes nesta acta de constitución as comunidades de



Xornadas "Comunidades de Montes e Medio Ambiente"



Comuneiros nunha Asemblea Xeral da Mancomunidade de Montes

montes veciñais en man común de Belesar e Sta Cristina da Ramallosa do concello de Baiona, Borreiros, Mañufe, Chaín e Vincios do concello de Gondomar e Chandebrito e Camos do concello de Nigrán. Nesta acta de constitución noméase como presidente da xunta xestora a Latino Rodríguez Areal da comunidade de montes veciñais en man común da parroquia de Borreiros.

26/Abril/1992

Na casa de Cultura do concello de Gondomar apróbase en Asemblea Xeral os Estatutos da Mancomunidade de comunidades de montes do Val Miñor. O obxectivo fundamental desta Mancomunidade era "a defensa e a mellora dos montes veciñais en man común nos seus aspectos económicos, sociais, ambientais, culturais e de relación". O día 30 do mesmo mes a Mancomunidade de comunidades de mon-



Manifestación contra a fiscalidade na praza da Quintana de Santiago (22/09/2001).

tes do Val Miñor queda rexistrada na Consellería de Agricultura, Gandaría e Montes.

Até o ano 1996

Unha vez aprobado os Estatutos e legalizada a Mancomunidade de comunidades de montes veciñais en man común do Val Miñor, entra en crise. Prodúcense cambios nas xuntas rectoras das comunidades de montes veciñais en man común das parroquias de Vincios, Mañufe e Donas, e os novos dirixentes, confundindo política con partidismo, saen da Mancomunidade de comunidades de montes do Val Miñor. As tres comunidades de montes que seguen apostando polo proxecto, as comunidades de montes das parroquias

de Belesar, Sta Cristina da Ramallosa e Borreiros, ante este panorama desmoralízanse. A crise que sofre a Mancomunidade é tan profunda que nin sequera foi quen de elixir a súa primeira xunta rectora.

23/Marzo/1996

En réxime de autoconvocatoria, no Centro Cultural da parroquia de Camos reúnense as comunidades de montes de Baredo, Sta M^a de Afora, Baíña, Sta Cristina da Ramallosa e Belesar do concello de Baiona, Borreiros, Mañufe, Peitieiros, Chaín, Vilaza e Vincios do concello de Gondomar e Panxón e Camos do concello de Nigrán. Ante o intento da consellería de Agricultura, Gandería e Montes de eliminar o concepto xermánico da propiedade veciñal,



Presentación da asinatura do Convenio para a Recuperación da Toponimia. Xosé Alfredo Pereira, Xosé González Martínez, Latino Rodríguez e Carlos Misa.



Comuneiros do Val Miñor no Parlamento Europeo (2002).

de converter as comunidades de montes en sociedades mercantís e de redefinir o concepto de veciño/a comuneiro co fin de proceder á privatización dos montes veciñais en man común, as 13 comunidades de montes reunidas acordan:

- 1º) Relanzar a Mancomunidade de comunidades de montes do Val Miñor.
- 2º) Entrar en contacto coas comunidades de montes do concello de Vigo, que estaban en proceso de mancomunarse, co obxectivo de convocar o I Congreso Galego de comunidades de montes para a defensa do monte veciñal.

1/Xuño/1996

Na Asemblea Xeral da Mancomunidade, celebrada no Centro Cultural da parroquia de Camos, sendo elixida a súa primeira xunta rectora e nomeado como presidente da mesma Latino Rodríguez Areal da comunidade de montes de Borreiros.

A partir do ano 1996

Unha vez relanzada a Mancomunidade, esta comeza a funcionar con normalidade até o día de hoxe. A partir deste ano, de xeito ininterrompido, mantén un equipo mancomunado de loita contra os lumes forestais e cada dous anos organiza unhas Xornadas de Montes e Medio Ambiente, nas que se teñen tratado diversos temas dos montes veciñais en man común como son: distintos aproveitamento do monte, problemática do gando, biomasa forestal, patrimonio histórico-arqueolóxico dos montes, lumes forestais...

17/Agosto/1996

Nunha Asemblea Xeral celebrada no centro cultural da parroquia de Vincios, acórdase iniciar un debate nas comunidades de montes para tratar dous problemas importantes que padecen os montes veciñais en man común do Val Miñor, os vertedoiros incontrolados e o gando ceibo.



Representación de diferentes comunidades de montes de Galicia no Parlamento Europeo. Na foto pode verse, entre outros, aos miñoranos Domingos Alonso González, Latino Rodríguez Areal, Fernando Lahuerta e Xosé Alfredo Pereira co eurodeputado Camilo Nogueira.

1/Febreiro/1997

Elíxese unha nova xunta rectora. Sendo reelixido como presidente da mesma Latino Rodríguez Areal da comunidade de montes de Borreiros.

8/Maio/1997

A xunta rectora da Mancomunidade acorda presentar no Iº Congreso Galego de comunidades de montes, que terá lugar neste mesmo

mes, unha proposta para a creación dunha Organización Galega de comunidades de montes.

24/25/Maio/1997

A Mancomunidade asiste ao Iº Congreso Galego de comunidades de montes que ten lugar no concello de Poio. Ademais do veciño-comuneiro da parroquia de Sta Cristina da Ramallosa , Xosé Alfredo Pereira Martínez, tamén participan activamente Latino Rodríguez Areal da parroquia de Borreiros e Ramón Cima Pérez da parroquia de Sta Cristina da Ramallosa, como moderadores da 1ª da 2ª comisión respectivamente. Na comisión de organización deste primeiro Congreso participan os seguintes veciños e veciñas comuneiros do Val Miñor: Marina Vicente, Alfonso Troncoso e Sergio Alonso da parroquia da Vincios, e Antonio Mijón da parroquia de Baiña.

19/Novembro/1997

En assemblea xeral da Mancomunidade de comu-



Homenaxe a Domingos Salgueiro, de Vincios; Manolo Figueroa, de Camos e

Índice

Presentación	5
A Toupeira	
I	9
II	13
III	17
IV	21
V	25
VI	29
VII	33
VIII	37
IX	41
X	45
XI	49
XII	53
Entrevista a Edelmiro Rodríguez Táboas	57
Breve cronoloxía histórica da Mancomunidade de Comunidades de Montes Veciñais do Val Miñor	65

